

MENSAXE DAS ORGANIZACIÓNS CAMPESIÑAS AOS CANDIDATOS DAS PRESIDENCIAIS DE 2008

OS CAMPESIÑOS E AS CAMPESIÑAS ESIXIMOS A PLENA E ÍNTEGRA OFICIALIDAD DO GUARANÍ EN TODO E PARA TODO EN PARAGUÁI.

QUEREMOS QUE A XUSTIZA, A VERDADE, A EQUIDADE E A PROSPERIDAD CHEGUEN CO GUARANÍ! BASTA DE MENTIRAS, ENGANOS E PROMESAS FALSAS DURANTE AS ELECCIÓN! QUEREMOS XUSTIZA!

Os abaixo asinantes, ORGANIZACIÓNS CAMPESIÑAS de todo Paraguai que representamos de forma directa ou indirecta a 2.234.761 persoas que viven en áreas rurais (o 43,28 por cento de toda a poboación nacional, datos de 2002) e por centos e centos de miles de cidadáns máis que teñen as súas orixes e as súas familias en áreas rurais (Asunción, por exemplo, en 2002 tiña case un 40 por cento da poboación non nacida na cidade), dirixímonos aos candidatos das Eleccións Presidenciais do 2008, sexan quen sexan, para facerlles chegar a nosa voz. Facémolo cun ano de antelación para que a nosa mensaxe lles chegue alto e claro. Absolutamente nítida.

Temos unha sede e un fame infinitas de xustiza. Unha sede de xustiza que arrastramos dende hai séculos e que o abraza todo: acceso á terra, á saúde, ás infraestruturas, á educación, á auga, ao prezo dos nosos produtos, ao traballo, ao guaraní.

Estamos cansos de roubos, invisibilización, violencia, desprezo, enganos, represión, estafas, asasinatos, empobrecemento, de pasar fame. Estamos desesperados de ter que emigrar durante décadas e de ter que facelo aínda hoxe por centos de miles. Estamos fartos de ter un Estado corrompido, corrupto e corruptor que nos marxinou, ignorou, reprimiu, combateu, asasinou, empobreceu e analfabetizou. Si, analfabetizounos.

Nunca antes entendemos porque nunca se nos educou nin se nos formou para iso, nin na escola nin polos medios de comunicación, que papel desempeñaban no Paraguai as linguas, o guaraní e o castelán, no mantemento e perpetuación da nosa situación de marxinação, explotación, pobreza, engano e violencia. Agora, lentamente, empezámolo a entender. Empezamos a abrir os ollos. E o que vemos échenos o corazón de rabia e ira. Ira perante a colosal e brutal estafa da que fomos obxecto durante tanto tempo. Destruiron, negando a igualdade e a xustiza para o guaraní, aos nosos pais e aos nosos avós e aos pais dos seus pais, destrúesenos a nós e destrúese aos nosos fillos e fillas.

No Paraguai, 3.946.904 persoas sobre 5.163.198 habitantes que tiña o país no 2002, falaban guaraní (o 76 por cento da poboación). Case o 30 por cento de toda a poboación nacional só falaba, como única lingua, o guaraní. O 60 por cento de todos os fogares paraguaios eran de lingua guaraní, cifra que ascendía ao 82,5 por cento en áreas rurais (por só 8,5 por cento de lingua castelá) e mantíñase en 42,6 por cento de fogares de lingua guaraní nas áreas urbanas.

No Paraguai existiu por douscentos anos (1811-2007) un réxime de “apartheid lingüístico” contra o guaraní, contra nós, que marxinou á poboación de lingua única guaraní, basicamente campesiños. Paraguai foi e é, aínda hoxe, un país de campesiños e campesiñas. Todos temos, ademais, raíces campesiñas. Construíuse un Estado opresor contra o guaraní onde todo se fixo en castelán e nada en guaraní. O guaraní só foi bo para morrer, para defender a Patria. Entre as clases dirixentes paraguayas hai miles de persoas que unicamente falan castelán (ou alemán e castelán ou inglés e

castelán ou portugués e castelán ou mesmo castelán e guaraní), pero non hai nin unha persoa en todo o país, entre esas clases, que só fale guaraní. Nin unha soa. Por que? Non é o guaraní a lingua primeira, autóctona e maioritaria do Paraguai? Non o foi sempre? Os falantes de guaraní, loitando en guaraní, usando mesmo o guaraní como “arma de defensa nacional”, non morremos por miles na Guerra da Tripla Alianza e na Guerra do Chaco? Ou estamos aínda no modelo colonial de amos e servos, no canto de seres humanos iguais? Aínda debe ser o castelán “karai ñe'ê”, a “lingua do señor”, do amo, do explotador, do terratenente? Debe ser o castelán, ou o alemán do menonita, o portugués do brasileiro, “karai ñe'ê”? E nós que somos, e que é a nosa lingua? Seica non somos nós os amos do país? O pacto “hispanoguaraní” que tanto ensalzou e ouveu a ben alimentada manda de cans do nacionalismo ouveador, era isto: matar o guaraní, marxinar e empobrecer aos seus falantes, dalo todo ao castelán? Por que un cidadán que só fala castelán pode ser funcionario público, tendo que atender e traballar para unha poboación maioritaria de lingua guaraní, e en cambio non hai funcionarios (que poderían ser os nosos propios fillos) que só falen guaraní?

O Estado Paraguai, na súa política implícita de “apartheid lingüístico”, acompañada de prohibicións contra o guaraní durante longos períodos da nosa historia, tennos analfabetizado. Nunca, dende 1811, se ten alfabetizado aos paraguaios e paraguayas en guaraní. Nunca. Pero tampouco se alfabetizou de maneira axeitada, eficiente e apropiada a toda a poboación, e moito menos ao campesiñado, en castelán. Nunca foi isto unha prioridade nacional. O resultado, nun contexto de “apartheid lingüístico” contra o guaraní, foi que durante dous séculos millóns de paraguaios e paraguayas, millóns de campesiños e campesiñas, non puidemos participar de forma plena na vida social, cultural, económica e intelectual da Nación. Non puidemos participar coa nosa lingua primeira, o guaraní. E non se nos deu, de forma adecuada, o castelán. Fomos enganados e marxidados de forma consciente (e isto é o peor e máis grave, e condenábel en calquera tribunal de dereitos humanos) por parte das clases dirixentes do Paraguai para sacaren proveito da nosa situación de postergación, humillación e desprotección. Non o esquecemos. Non o esqueceremos.

Un país onde os falantes monolingües de castelán deben aprender guaraní, de mala gana, cando empezan a traballar ou vivir no interior do país, e onde, malia iso, o Estado Paraguai nunca funcionou en guaraní, non é un país xusto nin normal! Paraguai é un Estado anormal que sería severamente sancionado por grave violación de dereitos humanos e dereitos lingüísticos de formar parte da Unión Europea.

Durante décadas, os políticos, en vésperas electorais, téñennos sermoneado e arengado en guaraní. Fixéronnos miles de promesas en guaraní. Todas incumpridas. Pero nunca nos prometeron nada para o guaraní. E nunca fixeron nada polo guaraní, ladraron as súas promesas e volveron para Asunción sen faceren nada para que puidésemos participar, dando formación e información en guaraní, con normalidade e en plenitude na vida nacional, e puidésemos fiscalizar a súa actividade. Até os mesmos que nos ladraron en guaraní as súas falsas promesas non transmitiron o guaraní aos seus fillos e netos, para quen quixeron unha educación “bilingüe” en castelán e inglés ou outra lingua, e se é posíbel nos Estados Unidos de América ou en Europa. O guaraní foi usado para someternos, manipularnos, enganarnos. Non se usou para que avanzásemos na nosa promoción económica, cultural e social de forma colectiva e individual.

Queremos que todos nós e os nosos fillos e fillas saiban castelán. Entendemos a importancia global do castelán. E tamén queremos que os nosos fillos e fillas saiban outras linguas, tantas como poidan. Pero queremos preservar a nosa lingua; queremos xustiza, verdade, equidade e prosperidade en guaraní; queremos preservar a nosa identidade cultural, porque non somos nin nunca fomos españois nin brasileiros nin arxentinos nin italianos nin alemáns: somos paraguaios, simplemente paraguaios, corra o sangue que corra pola nosa veas, e a nosa lingua primeira é o guaraní.

Queremos manter, nun mundo cada vez máis globalizado e homoxéneo, a nosa identidade. Xustiza social e identidade, e ambas as dúas en guaraní. O que nos singulariza no mundo é a nosa identidade lingüística e cultural. Temos visto que os campesiños daneses e todos os daneses queren vivir en danés e saber inglés e outras linguas. Temos visto que os campesiños holandeses e todos os holandeses queren vivir en neerlandés e saber inglés e outras linguas. Temos visto que os campesiños cataláns e todos os cataláns queren vivir en catalán e saber castelán e outras linguas. Nós queremos poder vivir en guaraní, saber castelán e saber outras linguas.

Mentres redactamos esta carta aberta, sae á luz un Anteproxecto de Lei de Linguas do Paraguai. Aplaudimos a iniciativa. Esperamos que sexa aprobada e entre en vigor. E que teña orzamento suficiente e un calendario claro para o seu implementación. Pero xa non imos crer máis en falsas promesas ou en leis que son papel mollado. Non. Agora imos crer en nós mesmos e no que facemos. E imos usar o guaraní de forma sistemática e imos denunciar por todo o mundo a situación de “apartheid lingüístico” que se deu e se dá no Paraguai. Ademais, a lei debe contemplar sen ningún tipo de dúbida nin vacilación, so pena de ser outro engano e outra mentira, que todos os paraguayos e todas as paraguayas, sen ningunha excepción, aprendan adecuadamente na escola guaraní, castelán e unha terceira lingua, e que os falantes doutras linguas paraguayas poidan manter as súas. Esta é a condición mínima, irrenunciábel, para a igualdade entre paraguayos.

Temos a experiencia do fracaso da Reforma Educativa, provocado polo propio Goberno e celebrado polos medios de comunicación favorábeis ao “apartheid lingüístico” paraguaio. A Reforma, sen que fose abolido o réxime de “apartheid lingüístico” implícito e sen que se variase a imaxe social difundida polos medios de comunicación sobre o guaraní, non conseguiu nada do que pretendía: que todos os escolares paraguayos aprendesen guaraní e castelán e unha terceira lingua. E non só iso. fixo algo peor. Os mesmos pais e nais campesiñas que falamos como lingua única ou primeira guaraní pedimos en moitos caso que os nosos fillos non fosen escolarizados en guaraní porque vimos que nada cambiara no réxime de “apartheid lingüístico”. En que país normal do mundo pasaría isto? E os escolares de lingua única castelá non aprenderon o guaraní, que quedou pechado na escola sen estar presente na televisión, a radio, a prensa, a música, etc. de forma normal e constante.

Señores candidatos, señoras candidatas: onde está o seu programa para a lingua guaraní? Onde está o seu programa para a xustiza lingüística no Paraguai? ¿Onde está? Querémolo coñecer. Queremos que o difundan por toda a Nación. Queremos que o expliquen a toda a Nación. E señoras candidatas e señores candidatos: falen, moito, en guaraní en Asunción, para recordarlles aos “apartheidistas” que o guaraní é a lingua primeira da Nación e para rebrandecerlles o corazón pola súa impiedade, a súa inxustiza e a súa falta de humanidade cara a millóns de paraguayos e paraguayas por douscentos anos.